



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación do padrón fiscal da taxa polo servizo de auga e saneamento correspondente ao 6º bimestre de 2022

Anuncio: APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL TAXA SERVIZO AUGA E SANEAMENTO

Por Resolución da Alcaldía 79/2023 de data 14.02.2023 aprobáronse os padróns fiscais da taxa por subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, correspondentes ao sexto bimestre de facturación do ano 2022, así como da taxa por rede de sumidoiros e canon da auga, procédese á notificación colectiva de acordo co artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, e á apertura de un prazo de 15 días hábiles contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para que os lexítimos interesados aleguen o que estimen oportuno.

O prazo de ingreso voluntario das débedas correspondentes ao sexto bimestre do 2022 será de dous meses dende a publicación deste anuncio no BOP. Tras transcorrer o dito prazo sen que se efectuase o ingreso, as débedas esixiranse pola vía de constrinximento e devindicarán o recargo de constrinximento, xuros de mora e demais costas que se produzan.

Contra a presente notificación poderase interpoñer o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo de un mes dende a interposición do recurso sen que recaera unha resolución expresa, o recurso considerárase desestimado, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo.

A falta do pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Contra a repercusión do canon da auga poderase interpoñer reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

Arzúa, a 14 de febreiro de 2023.

Asdo. José Luis García López

Alcalde-presidente do Concello de Arzúa

2023/1046